

ENTREVISTA

Dende a aparición de *Madeira do meu canto*, o seu anterior poemario, pasaron dez anos. A que se debeu esta demora en publicar outro?

-Hai varios motivos. Por unha banda, a miña dedicación ao PEN de Galicia. Por outra, o feito de que o escritor en xeral, moito máis o poeta, debe ter períodos de vivencias intensas, viaxes, lecturas... imprescindibles para escribir. Este é un oficio solitario que tamén ten o seu tempo. Hai poetas que parece como se reescribisen sempre o mesmo libro, manexan as mesmas imaxes, até repiten os versos. Hoxe, cando algúns queren converter a literatura en circo e feira, puro espectáculo, cómpre que, polo menos dende a poesía, axudemos

- *Pensa Vde. que os escritores non lle prestan a debida atención á lingua?*

-Pouca, agás excepcións que se contan cos dedos dunha man: Méndez Ferrín, Arcadio López-Casanova, Bieito Iglesias, Manuel Rivas ou Víctor Campio Pereira, un poeta espléndido, case descoñecido. Hai moito neofalante que quere triunfar co primeiro libro. Non quero dicir con isto que antes fose mellor. Ca, anda por aí algún envinagrado que debería reler a súa obra antes de pontificar e descalificar a todo o mundo. Igual que o canteiro que lle sabe ben o andar ás pedras, por onde teñen a cara boa, por onde poden rachar ou esfolar, así debería saber o escritor como manexar as palabras, coñecendo pri-

-Non che hai moita maneira, pois iso non depende dos escritores. Díciame Nélida Piñón que ela non ía escribir nunca ao ditado, por moito que cambiaran as tornas. É unha decisión moi valente. Todo depende do modelo de escritor que escollas. Por suposto que a literatura é compromiso, pero tamén é gozo, paixón desenfreada, nunca frustración, xamais resentimento. Vivir a literatura é fabuloso, tanto ou máis que lela.

- *Esa aposta polo gozo literario é o que o levou a impulsar a “Insua dos poetas”?*

-Estoulle moi agradecido á literatura e aos escritores que tiveron a sorte de ler. Gazar á miña participación, modesta, no mundo literario, tiveron ocasión de

rendo. Aprendín moito dos meus amigos.

- *Estúrdiga Materia comeza cun diálogo con Eduardo Blanco -Amor...*

-É un poema longo no que EBA me vai dando unha serie de opinións, animándome a “Combater por de par da liberdade, faguer triscos o silabario nominal, ateigado de prudencia e sensatez, no que escriben os solemnes necios... Agradézoches que me sexas cómplice mais cando me traízoas, querido, faime o favor, non vistas de poeta”. Velai a ironía, daste conta? Eu son inimigo da solemnidade, da fachenda, dos que sempre están seguros, dos que predicán aídos desde o púlpito. Prefiro os golfos algo canallas, como lles chamaba Casa-

- *O libro conta, ademais, con ilustracións de Quintana Martelo e un limiar de Méndez Ferrín.*

-Así é. Quintana permitíume, cunha xenerosidade total, reproducir cinco obras súas que dialogan moi ben cos textos. Quero facer constar o meu agradecemento a el e máis a X.L. Méndez Ferrín, o meu profesor no Instituto Santa Irene, corenta anos de amizade leal... Tamén ao poeta Gonzalo Navaza, o primeiro que leu o libro e que me axudou moito; por suposto ao editor, Víctor F. Freixanes, que fixo posible unha edición fermosa, o libro máis bonito que nunca tiveron. Beizón a Xosé Manuel Soutullo pola súa paciencia ilimitada.

- *Volvamos á “Insua”. Como se lle oco-*



FOTO: ELI REGUEIRA

Luís González Tosar

“A literatura é compromiso, tamén gozo e paixón; nunca frustración, resentimento”

Luís González Tosar racha un longo silencio con Estúrdiga Materia (Editorial Galaxia). Un poemario cuxa publicación coincide coa posta en marcha do proxecto “Insua dos Poetas”: cen ferradas de natureza ao pé do río, nos montes de Esgueba (O Carballiño, Ourense) que Tosar destinará como acollida de instalacións para o disfrute da literatura intregada na paisaxe



NATALIA ÁLVAREZ

a liberar palabras, dándolle renda ceiba aos sentimentos, emocionándonos coas pequenas cousas. Todo isto, condensado ao máximo nun texto, depurado e exento de artificiosidade, varias veces corrixido... ,é para min o poema.

- *Logo, que novidades formula en Estúrdiga Materia con respecto a súa obra anterior?*

-Pretendín que o libro non se parecese aos que xa fixera. Outra cousa son as ferramentas de traballo e máis os materiais. A lingua segue a ser a miña obsesión constante, non por simple diferencialismo; si por disfrute no padal, na boca enteira, dun idioma que aprendo cada día. Incluío tamén algo da miña vida pasada, sen deixar fóra outras vidas que me interesaron e quixera poder vivir... Digamos que, nalgúns poemas, me ispo máis; noutros, boto man dun travesti transgresor, ao que xa non lle importa desimular polo día. Para min, a poesía pode ser mentira e ser moi boa. Non comparto a falsa moralidade, a autenticidade farisea; toda literatura elaborada dende principios morais é infame, horrible. Tampouco me agradan os fogos de artifício, a vangarda “de matute”. Penso que a clave está no punto de complicidade entre autor e lector, un chisco de ollo, apenas unha rozadela. Non todos os que escribimos conseguimos iso...

meiro o seu significado. Existe desleixo, pero hai tamén unha visión moito máis ampla. Frecúntanse obras e autores interesantísimos. É un bo momento creativo.

- *Como se pode loitar contra a literatura espectáculo?*

coñecer a autores que me impresionaron, uns máis que outros, claro. A maior satisfacción para min é a amizade con Ernesto Sábato, coa citada Nélida Piñón, con Derek Walcott, con Eduardo Blanco Amor, con Carlos Casares, a quen tanto quixen e sigo que-

res. Si, atráenme máis os “atorrantes”, como dicimos en porteño. Na parte última, “Rascúños sen data”, experimento desde a experiencia, toco, por vez primeira, a realidade da morte, porque os que lle vimos os ollos, non lle temos tanto medo.

rreu destinar un espazo tal á literatura?

-Ideino un bo día, paseando por alí. Magoado polo futuro dunha propiedade que meu pai mercara con tanta ilusión. El comprouna e traballou moito nela. Mais, o pobre, non a puido disfrutar. O proxecto da “Insua”, gobernada por unha Irmandade representativa da vida literaria galega, é unha homenaxe aos meus pais. Eles, co seu sacrificio de emigrantes, en lugar de mercar baixos ou pisos, que era o que facían todos os seus amigos e veciños, mercaron natureza. O que pretendo coa Insua é que, sen deixar de ser o que é -un monte con carballos, bidueiros, amieiros, castiñeiros, toxeiros e xestas brancas e amarelas-, sirva para pasear e imaxinar a enorme dimensión dos meus autores preferidos. Unha comunión coa paisaxe que leve, que conduza aos libros. Alí só haberá referencias, claro, porque non imos erguer unha biblioteca; non tería sentido ningún. O que si faremos é levar alí a 200 rapaces e explicarlles, por exemplo, unha lección sobre literatura galega. Como naceu, quen foron os xogres da Idade Media, que pasou no Rexurdimento e por que houbo silencios forzosos. Na “Insua dos poetas” poderá o visitante encontrarse coas voces e os ecos dalgúns, todos é imposible, dos que construíron e transformaron a humanidade con palabras.